



DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATO DE OBRA “ESTRADA LOCAL SALCEDA-ALDEOA DE ABAIXO (FERREIROS)”.

Visto que por Providencia de Alcaldía de data 28/10/2019 acordouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 28/10/19 polo Alcalde foi detectada a necesidade de realizar a contratación da execución do proxecto “ESTRADA LOCAL SALCEDA-ALDEOA DE ABAIXO (FERREIROS)”.

Dada a característica do servizo considérase como procedemento máis axeitado o procedemento aberto simplificado.

Visto que con data 28/10/2019 foi emitido Informe pola Secretaria do Concello sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 117 Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local en base ao artigo 10 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dada a urxencia da contratación.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra “ESTRADA LOCAL SALCEDA-ALDEOA DE ABAIXO (FERREIROS)”.

TERCEIRO.- Autorizar, en contía de 47.302,53 euros, o gasto que para este Concello

representa a contratación da obra por procedemento aberto simplificado abreviado, con cargo á aplicación 453.60900.

CUARTO.- Aprobar o Prego de Clausulas Administrativas e de Prescripcións Técnicas e cadro de características que rexen a licitación.

QUINTO.- Publicar o prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescripcións Técnicas, así como o cuadro de características no perfil do contratante do Concello.

O Pino, a 28 de outubro de 2019.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Taboada Vigo